

A encrucillada galega dos anos trinta: Igrexa, política e violencia

EMILIO GRANDÍO SEOANE
Universidade de Santiago de Compostela

Dúas son as bases do réxime franquista nos seus corenta anos de existencia: dunha banda a súa orixe a partir dun golpe e unha guerra civil de tres anos dirixida por sectores militares de orientación reaccionaria; doutra unha sorte de fundamentalismo relixioso católico, alcumado *a posteriori* “nacionalcatolicismo”, froito da percepción da xerarquía católica da perda de poder social dentro dese proceso de laicización do primeiro terzo do século XX. Nesta pequena contribución pretendemos achegarnos a falar do segundo destes piares, o que dota dunha ideoloxía firme e consolidada un réxime que nacera sen máis unidade que unha crítica rotunda respecto do rumbo político dos dirixentes da República tras febreiro de 1936.

O papel da Igrexa na conformación das identidades culturais e políticas do Estado español foi —e segue a ser— fundamental. A consideración “trentina” de España como o país protagonista da defensa da relixión católica en Europa conformou na mentalidade conservadora deste país unha moi forte imbricación entre a identidade política de dereitas e a mesma confesión relixiosa. Unha e outra converxen nun mesmo corpo, sendo o resultado das tentativas de dissociar ambos os conceptos fracasadas en boa parte da súa historia contemporánea. Esta identidade, lóxica na formulación ideolóxica da xerarquía católica —España ou é católica ou non o é—, resulta máis significativa e singular no caso das plataformas políticas que reclaman unha identidade baseada nunha confesión relixiosa, é dicir, nunha determinada fe e crenza. Corenta anos de franquismo serviron para cimentar esta imbricación, que xa viña de lonxe, mais que á altura da metade do século XX era xa un anacronismo no contexto da Europa Occidental. Eses case

corenta anos serviron para modelar varias xeracións, culturas, hábitos, comportamentos sociais... dos que somos receptores a principios do século XXI.

Mais se a influencia da cultura xerada polo catolicismo é básica para entender a identidade do Estado, posiblemente o sexa máis no caso galego. Dende a Idade Media ó peso ideolóxico e á súa influencia cultural e social sobre as comunidades galegas da Igrexa católica engádeselle a súa posición de poder económico e social. O rol do párroco en Galicia fora, ata a entrada da etapa contemporánea, practicamente un poder civil máis. Quizais dos máis determinantes porque á súa potencialidade como elemento civil decisivo engádeselle a súa capacidade de influencia directa sobre as mentalidades. Aínda que as desamortizacións de mediados do XIX fixeron rebaixar notablemente o seu peso, o certo é que a cultura galega ten un pouso maioritariamente católico que a modela tamén durante séculos, independentemente dos trocos políticos e institucionais. O papel da influencia civil dos párrocos e dos mosteiros foi moito máis alá que noutros lugares do Estado. A mesma persistencia da unidade de convivencia galega nas parroquias, aínda do proceso de centralización do Estado liberal do primeiro terzo do século XIX, é unha proba moi perceptible disto.

O peso dos anos da República e da guerra civil foi fundamental para entender os comportamentos políticos do clero galego. Como di o meu mestre, o profesor Barreiro:

Hai unha recondución do perfil sacerdotal, especialmente dos párrocos. Despois de pasar o período dunha República onde o clero nunca atopou o seu status, na que tivo que ceder os privilexios seculares e onde calquera tarabelo podía censuralo, denunciálo ou mesmo perseguilo, atopou no franquismo o recoñecemento da súa autoridade. Gobernadores, alcaldes e comandantes de posto da Garda Civil tiñan ben sabida a lección: respecto absoluto ao clero, e moi especialmente aos párrocos [...] Isto produciu en boa parte do clero, ademais do agradecemento ao Réxime e unha devoción case fanática a Franco, o reforzamento da autoridade que facilmente chegaba ao autoritarismo. Eles representaban a Igrexa e a Igrexa era o poder. Resultaba moi difícil para moitos párrocos resistir a tentación do poder [...].¹

É precisamente disto do que queremos encher estes folios, nunha liñas necesariamente breves pola extensión desta colaboración. Queríamos falar deste tránsito, desa viaxe realizada pola Igrexa católica ó longo dos anos trinta e que rematou nunha actitude de compromiso e de fidelidade a un réxime ditatorial e autoritario. Indicar que as posicións dentro da Igrexa, como tal comunidade, non son homoxéneas aínda que a súa condición de crenza nun dogma confesional así o camuflen. Mais as actitudes individuais, tamén dos párrocos e dos bispos, son

1 Prólogo de Xosé Ramón Barreiro Fernández á obra de Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *La Iglesia en la Galicia del franquismo*, Sada, Edicións do Castro, p. 9.

variables e múltiples. Negar a existencia na nosa Galicia dos párrocos “bos” e dos párrocos “malos” durante os anos da guerra e o franquismo sería negar a realidade. A imbricación do párroco na comunidade era tan grande naqueles difíciles anos trinta que en ocasións pódese ler o mapa da represión a través do nivel de compromiso e adhesión ás accións de “limpeza” por parte dos párrocos. E non estamos a falar de concellos de Galicia separados por centos de quilómetros, senón de parroquias limítrofes, pegadas unha a outra.

1. Un novo réxime: a perda do poder social

Tras a crise do entramado institucional da Restauración, a Ditadura de Primo de Rivera reafirmou a unidade do Trono e do Altar. A ideoloxía do partido único do réxime, a Unión Patriótica, reafirmaba a unidade da nación e do catolicismo. O mesmo réxime, cando precisou reclamar cadros en Galicia para crear a súa cúpula dirixente tivo que botar man de boa parte da estrutura católica-agraria creada na década anterior². Restableceuse o ensino relixioso obrigatorio, recoñecendo validez oficial ós estudos universitarios dos centros eclesiásticos de Deusto e do Escorial. Mesmo un Real Decreto de 1924 permitía suspender os mestres que expresaran “ideas ofensivas para la religión católica”³. O ámbito do ensino era básico para manter a posición a medio prazo de privilexio social.

A chegada da II República traerá un novo enfoque. Os novos dirixentes traían un novo concepto da posición que debía ter a Igrexa católica no Estado: as dúas administracións debían percorrer camiños separados. De feito, unha das cuestións que máis unificaba a boa parte dos dirixentes republicanos dos primeiros gabinetes republicanos era precisamente a súa compoñente laicista. Non temos que contar moito para citar as figuras que se declaraban católicas neste gabinete: o presidente Alcalá Zamora e o ministro de gobernación Miguel Maura.

Mais este sentimento non era unicamente a nivel de elites con capacidade de decisión política ou institucional. As grandes masas de obreiros afiliados ben á CNT ou á UGT tamén tiñan unha forte compoñente anticlerical, na súa postura

2 De feito, nas distintas comunidades, as primeiras sospeitas de personaxes locais contrarios ó réxime republicano tiñan que vir necesariamente dos seus beneficiados. Dende a Xestora Municipal Republica de Vedra, o día 25 de abril de 1931, enviouse o seguinte informe:

“Estos elementos y demás firmantes contra las elecciones [...] tienen un marcado carácter político monárquico, puede decirse que han sido el brazo ejecutor de la Dictadura por ellos defendida desde el Sindicato católico que preside el Marqués de Santa Cruz de Rivadulla, a cuyo se han acogido como ahora a la República [...] a fin de defender exclusivamente intereses personales pues carecen en absoluto de toda sinceridad e ideología [...]”, Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Gobierno Civil, Correspondencia Gobierno Civil-Concellos, mazo 2738.

3 Castells, José Manuel (1973): *Las asociaciones religiosas en la España contemporánea. Un estudio jurídico administrativo (1767-1965)*, Madrid, Taurus, pp. 376-377.

crítica respecto do papel xogado pola Igrexa na reafirmación do réxime ditatorial. Nos primeiros días de maio de 1931, a menos dun mes da toma de posesión do Goberno Provisional republicano, teñen lugar as primeiras queimas de conventos. Para as masas obreiras, que non esquezamos que representaban a auténtica esquerda de masas dos anos trinta, isto representaba simbolicamente a queima do poder da Ditadura.

Quizais un dos elementos transcendente para o desenvolvemento da República será a indecisa actitude respecto dos feitos tomada polos representantes republicanos nestes primeiros días. A súa posición pode ser explicada dende dous posicionamentos: un, a incapacidade de controlar unhas forzas armadas dependentes polo escaso tempo transcorrido do cambio de réxime; e dúas, que se tiña lugar un enfrontamento violento —previsible dadas as circunstancias tumultuarias dos feitos— de xeito inmediato a masa obreira e sindical viraría en contra dos dirixentes republicanos. Esta sensación de impunidade foi fundamental na percepción da Igrexa de que algo grave tivera lugar na súa relación co Estado, que permite variar a relación de forzas preexistente. De feito, dende estes mesmos días, nos seus espazos de prensa, o líder do catolicismo social, Ángel Herrera Oria, xa está a falar de “guerra civil”. O mundo católico derrubouse tras o 14 de abril, como explica Julián Casanova:

La Iglesia percibió la caída de la monarquía como una auténtica catástrofe. No soportó la República, ese sistema de representación parlamentaria, de legislación anticlerical, de presión popular, en la que los valores católicos ya no eran hegemónicos. Movilizó a la población, amparó un movimiento de masas que bajo el paraguas ideológico del catolicismo refugiaba en él a las clases dominantes, a los sectores más conservadores, preocupados por su orden y no sólo por el de la Iglesia, porque en la historia de España, en ese período republicano y en el futuro, el orden y la Iglesia habían ido unidos y así seguirían [...].⁴

A resposta da Igrexa non se demorou. O 3 de xuño, dende Roma, os bispos españois mandaban unha Carta Colectiva ó Presidente do Consello de Ministros da República, protestando polo que xa naquel intre, ante o programa de reformas anunciadas polo Goberno Provisional e sen realizárense aínda as “celéricas” eleccións para Cortes Constituíntes, consideraban unha actitude antirrelixiosa do Goberno, e por engadido, do novo réxime. A súa listaxe de agravios era notable. Lida a Carta á inversa, a súa posición de privilexio na esfera civil do anterior réxime era considerable⁵.

4 Casanova, Julián (2001): *La Iglesia de Franco*, Barcelona, Crítica, p. 303.

5 “[...] Protestando contra el anuncio oficial de la secularización de los cementerios, separación de la Iglesia del Estado, prohibición de las autoridades gubernativas y al ejército de participar en actos religiosos, su-

E os problemas coa Igrexa xurdiron en Galicia de xeito inmediato á proclamación do réxime. O mesmo día en que se repetiron as eleccións municipais nalgúns concellos galegos, o domingo 26 de maio de 1931, algúns párrocos xa facían propaganda política explícita contra o réxime republicano. Como o caso do titular de Vilar (Touro), a salientar non só polo que di, senón polas circunstancias que aduce para a súa crítica, segundo denunciaba o presidente da Comisión Xestora Municipal:

Así habían logrado se apoderase de España un gobierno que nos traerá la ruina y el desastre, lo que ya está pasando con robos y destrucción de Iglesias católicas, quemando imágenes y cometiendo muchos más vejámenes y atropellos [...].⁶

A identificación nestas datas dos representantes locais da Igrexa coa monarquía era evidente na gran maioría das parroquias. Algúns manifestábanse defensores do antigo réxime sen ningún tipo de atranco, como pasou o 14 de maio de 1931 co párroco de Meirás (Valdoviño), quen na procesión realizada nesa data saíu á rúa cunha bandeira vermella e amarela berrando a volta da monarquía⁷. Nestas primeiras datas hai moitos casos de intervención política dos párrocos galegos⁸. De feito, podemos dicir que foi unha constante ó longo de toda a República, xa que o pistoletazo de saída foi dado á proclamación do novo réxime republicano. Nos meses seguintes é a rede parroquial local a que fornece a boa parte da reacción política á República, nun proceso xerarquicamente en paralelo á fundación da primeira —e única— organización política confesional da historia contemporánea: a CEDA. Os párrocos seguían a ser, á altura do cambio de réxime, un elemento decisivo na política local galega. No estudo realizado para a

presión de las cuatro órdenes militares, privación de derechos civiles a la Confederación Nacional Católica Agraria por el mero hecho de denominarse católica, privación a la Iglesia de intervenir en los Consejos de Instrucción, supresión de honores militares al Santísimo Sacramento en su paso por las calles, supresión de la obligatoriedad de la enseñanza religiosa en las escuelas primarias y en las superiores, prohibición del crucifijo en las escuelas, libertad de cultos, intervención del Estado en el tesoro artístico de la Iglesia, infracción de la inmunidad personal eclesiástica y “sobre todo esto, los incendios de iglesias, conventos y palacios eclesiásticos”, Castells, José Manuel (1973): *Op. cit.*, pp. 387-388.

- 6 O Presidente da Comisión Xestora Republicana insistía nas motivacións últimas dos sacerdotes do pobo: “No contentos con la obligada abstención política a que el gobierno legítimo de la República les obliga y añorando su ascendiente político con su rebaño que ven en trance de muerte, intentan más o menos directamente influir en el ánimo de sus feligreses pintándoles al actual régimen como un caos al que hay que temer y desde luego rechazar en los comicios”, ARG, FGC, Correspondencia Gobierno Civil-Concellos, mazo 2738.
- 7 Foi sancionado polo Goberno Civil con 50 ptas. de multa; *idem*.
- 8 O Gobernador Civil de Ourense nos primeiros días de setembro de 1931, Vicente Varela Radío, confirmou a multa imposta ós párrocos da Mezquita, Merca e Proente —Concello da Merca— por destacarse “continuamente como elementos que apartándose de las funciones privativas de su Ministerio, vienen mezclándose en luchas locales y envenenando el ambiente político del repetido Municipio”, Archivo General de la Administración, Fondo Orden Público, Serie Alteraciones del Orden Público, 205/3.

provincia da Coruña, en dous terzos dos seus concellos sinalábase algún tipo de influencia dos párrocos, e no 41% do total provincial recoñeciase como transcendente a súa influencia⁹.

2. Oposición e *posibilismo*: o camiño da igrexa galega na II República

Posiblemente o momento máis álxido de mobilización política dos católicos no primeiro bienio republicano en Galicia deuse na primavera de 1932. A Unión Regional de Derechas, partido hexemónico da dereita galega auspiciado directamente pola xerarquía eclesiástica, comezaba a despuntar na súa actividade tras crear no inverno de 1931-1932 unha rede urbano-vilega de organizacións, que se atopaba en proceso de difusión no ámbito parroquial. Ó mesmo tempo verificábase a extensión dos primeiros conflitos na aplicación local das medidas laicistas, o que se convertería ó cabo dos seguintes anos, no referente de memoria máis recorrente no ámbito da dereita para xustificar a súa adhesión a un determinado bando na guerra civil¹⁰.

Nos meses inmediatamente anteriores ó golpe de Sanjurjo os conflitos por motivos relixiosos víronse incrementados. Como exemplos citar as multas resultantes da denuncia sobre unha xuntanza numerosa na Casa Reitoral de Celas de Peiro para cambiar unha orde do Goberno Civil de suspensión da procesión do 5 de maio “por vía pública, dada la composición de parroquias limítrofes, en las que existe población obrera, contraria a dicho acto”¹¹. Ou a imposta ó cura párroco

9 Ademais a súa relación coas organizacións político católicas como a URD era evidente, xa que as zonas de maior influencia dos párrocos eran precisamente aquelas onde estas formacións tiñan unha presenza organizativa moi notable; en Grandío Seoane, Emilio (1997): “O poder local na provincia da Coruña durante a II República”, en Fernández Prieto, Lourenzo; Núñez Seixas, Xosé Manoel; Artiaga Rego, Aurora; e Balboa López, Xesús L. (coords.): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, p. 261.

10 Sirva como exemplo das resolucións tomadas no ámbito local a circular que enviou o alcalde de Mazaricos ós párrocos do seu Concello a finais de febreiro de 1932, informándoos das disposicións gubernativas respecto á celebración de toda clase de manifestacións públicas do culto ou de propaganda relixiosa:

“Será preciso obtener autorización de dicha Autoridad, mediante solicitud formulada con veinticuatro horas de anticipación por lo menos [...] Con arreglo a la Ley de 30 de Enero último, los ritos funerarios de los distintos cultos sólo podrán practicarse en el lugar de la sepultura. Por tanto no se autorizarán en ningún caso ceremonias religiosas de tal índole en la vía pública ni en otros sitios que no sean los señalados en los enterramientos, pues como dispone dicha Ley, la guardia, administración, conservación y régimen de enterramientos en los cementerios corresponde a la Autoridad Municipal.

Lo que me complazco en participar a V. con el fin de que se abstenga, en lo sucesivo, de celebrar actos públicos religiosos de propaganda o en enterramientos, pues de las infracciones que ocurran me veré obligado a dar cuenta la Excmo. Gobernador Civil de la provincia, como ordena la Circular del 24”, AGA, FOP, Serie Alteraciones del Orden Público, 69/5.

11 O Informe do Gobernador Civil dicía o seguinte:

“Se hizo intensa labor de propaganda por el párroco y los demás para que la procesión se celebraría, desobediendo lo acordado por el Gobierno Civil. El 28 de abril el párroco tuvo una reunión en la Casa Rectoral con unos 70 vecinos, y días más tarde, también en un salón de baile, para oponerse a las normas constitu-

de Ouviaño (Negueira de Muñiz) en xullo por, segundo a denuncia do Alcalde, a súa “dedicación a calumniar e injuriar a personalidades del Régimen”, o que explicitaba “la rebeldía del mencionado señor a aceptar la gran realidad española del momento y la sumisión debida al poder legalmente constituido”. Días despois, en setembro de 1932, dous veciños da mesma parroquia enviaron unha carta de apoio á multa na que falaban dos párrocos do termo municipal deste xeito:

Cuya campaña no es misterio para nadie, pues incluso por sus bravuconadas de que tienen arma y sabrán utilizarla para defender sus privilegios, dió el vecindario en llamarles “los pistoleros”, humorísticamente [...].¹²

Ou a denuncia do alcalde de Pontedeume respecto do sermón dado na súa igrexa parroquial polo ferrolán Vicente Mayor, excapelán da Armada, o 5 de xuño de 1932:

Ha pronunciado conceptos y frases despectivas para el que suscribe, y conceptos subversivos para los gobernantes actuales, hasta el extremo de decir que eran los enemigos de la Iglesia y que los fieles debían esperar hasta ver pasar un cadáver delante de ellos.

Recomendó llegar hasta la violencia para defender los intereses de los católicos y aconsejó que los ricos debían de entregar sus dineros al partido de la Acción Católica, para poder defenderse por todos los medios contra los ataques del Gobierno a la Religión llegando hasta verter la sangre [...].¹³

Quizais o máis interesante destes casos dos primeiros meses é que comezan a percibirse certos signos de apelación á violencia por parte dalgúns párrocos. Nesta consideración hai que indicar un par de cuestións: unha, que os párrocos indubidablemente non poden resultar alleos á súa sociedade, entre outras cousas porque interveñen directamente sobre ela, e polo tanto sobre eles tamén inflúen as culturas políticas do momento, tamén a da violencia; dúas, que esta actitude non vén orixinada como se difunde dende o 18 de xullo de 1936, senón que se atopaba latexante nalgúns sectores reaccionarios do clero, mesmo antes da vitoria da Fronte Popular.

A tentativa golpista de Sanjurjo desactivou en parte esta incipiente reacción local de desagrado fronte ás medidas laicistas. A identificación política maioritaria da súa xerarquía e dos párrocos co antigo réxime monárquico permitía cualificalos mesmo de apoio ós golpistas. De feito, a mesma dereita nos meses seguintes de inverno de 1932 acometeu un proceso de distanciamento respecto dos elementos

cionales sobre materia religiosa”. A procesión foi celebrada “en su totalidad por señoras de acendrada fé religiosa”, AGA, FOP, Serie Cuestiones Religiosas, 2421/6.

12 AGA, FOP, Serie Alteraciones del Orden Público, 67/3.

13 AGA, FOP, Serie Alteraciones del Orden Público, 2421/5.

máis comprometidos nun retorno da monarquía, adoptando finalmente o partido maioritario, a CEDA —creada entre finais de febreiro e principios de marzo de 1933— unha actitude “accidentalista”, mimeticamente calcada das inspiracións políticas da xerarquía eclesiástica. Esta desactivación do impulso opositor á República por parte dos representantes locais católicos volveu reactivarse coa tramitación e final aprobación en xuño de 1933 da Ley de Confesiones y Congregaciones Religiosas. Realmente esta lei foi o elemento referencial que permitiu amalgamar as distintas tendencias conservadoras españolas durante a primeira metade de 1933, e que lle permitiría finalmente afrontar con éxito, unha anunciada e previsible crise governamental e retomar o camiño no punto desexado: unha nova convocatoria de eleccións a Cortes en novembro dese ano.

E naquelas eleccións chega ó poder, aínda dun tránsito de varios meses, a confederación cedista. No seu programa considérase nuclear a recuperación da identidade católica de España. A súa mensaxe de defensa do catolicismo fronte ó que consideraban a agresión laicista da República púxose en práctica de xeito decidido tras a entrada no goberno en outubro de 1934. Ata daquela os membros dos gabinetes ministeriais de Lerroux van modulando a relación do Estado republicano coa Igrexa. O Partido Republicano Radical en Galicia dende principios de 1932 virara notablemente a súa procura do espazo político, achegándose en boa parte das organizacións locais galegas a esta formulación de defensa das posicións da Igrexa. Na primavera e no verán dese ano de 1934 acelerouse na medida do posible a realización do Concordato co Vaticano, tras o nomeamento en xaneiro de 1934 do Ministro de Estado, Pita Romero, como Embaixador de España na Santa Sé.

1934 representa unha ampla revisión en canto á cuestión relixiosa: as Cortes comezan a pagar dous terzos dos pagos do clero secular —aínda en contra do disposto no artigo 26 da Constitución—; apróbanse leis nas que se devolvían certos bens confiscados ás ordes relixiosas; redúcese o orzamento para o ensino público; certos institutos relixiosos son exceptuados da Lei Xeral; a Lei de Congregacións quedou baleirada dos seus contidos,...¹⁴. A posición da Igrexa volvíala levantarse, aínda que sen as prerrogativas do anterior réxime ditatorial. De feito o que facía o novo goberno republicano era recoñecerlle a súa enorme influencia cultural e social. No ámbito do discurso, a suspensión dos medios de comunicación da esquerda tras os feitos revolucionarios de outubro provocou unha única interpretación dos feitos polos medios conservadores, que cargaron as tintas sobre a violencia realizada sobre os católicos. Isto provocou unha vaga de indignación

14 Castells, José Manuel (1973): *Op. cit.*, pp. 453-454.

na sociedade conservadora, e un incremento moi notable da crispación respecto do tema, sen o necesario contrapeso informativo.

A identificación entre política e confesión relixiosa foi enorme nestes anos de vitoria da dereita. Tras 1934 os grupos católicos consideraron plenamente xustificada a necesidade de contestar o que consideraban “agresións” dende o compromiso. Cunha dereita católica no poder, cuns partidos de esquerda ós que se lles prohibira calquera actividade, coa substitución nas corporacións locais dos seus membros por afiliados ós partidos do goberno, cuns sindicatos prohibidos nas súas actividades e cos seus membros nos cárceres, e cun parlamento dominado absolutamente polas súas posicións, a percepción de vitoria das posicións de dereita era incontestable no ano 1935. A imbricación entre organización política e catolicismo era un feito: uns e outros representaban dúas pólas da mesma árbore.

Nestes meses as relacións entre a xerarquía eclesiástica galega e a URD/CEDA nunca foron mellores, como amosa a estreita relación epistolar existente entre o vigairo do bispado de Ourense, Diego Bugallo Pita, e o deputado Benito Blanco Rajoy, ou entre a Acción Católica galega e a mesma dirección cedista personificada en Gil Robles solicitándolle que non realizara un acto en Galicia na festividade do Apóstolo dese ano, ante a coincidencia con outro que xa tiñan en preparación¹⁵. Mesmo se encargaban de resolver problemas de “xestión” vencellados á administración pública, como o caso da xestión realizada polo deputado cedista pontevedrés Nicasio Guisasola na venda dunha parte do igrexario da parroquia de Cerdedo¹⁶. Mais non unicamente coa CEDA, senón tamén con outras formacións de dereitas como o Bloque Nacional, na que os seus líderes tentaban converterse en mediadores de problemas locais nos que se atopaban involucrados os párrocos, como o caso da intensa correspondencia do deputado Lís Quibén co titular de Villasobroso¹⁷.

Esta era a realidade da maioría dos representantes eclesiásticos á altura da crise de goberno de finais de 1935 e da convocatoria electoral de 1936. A participación política nos púlpitos, xa importante dende o día despois de proclamada a República intensificouse ante o que a maioría da sociedade política consideraba o “combate final”. Non había plan B: ou vitoria ou caos. Deste xeito non é estraño entender a activa participación de moitos párrocos nesta campaña, asistindo ós

15 Arquivo Deputación Provincial de Ourense, Fondo Pérez Ávila, Correspondencia con Don Benito Blanco-Rajoy Espada.

16 Correspondencia de Nicasio Guisasola con Federico Salmón, PS Madrid 2135, Archivo Histórico Nacional (Sección Guerra Civil).

17 Como se amosa no Fondo Salgado Biempica, localizado no Archivo Histórico Nacional (Sección Guerra Civil), PS Madrid 1701.

actos electorais, participando en mitins e mesmo converténdose en instrumentos concretos de determinadas organizacións conservadoras¹⁸.

3. Os meses *quentes* do Frente Popular

A reorganización e mobilización da esquerda a través da concentración do voto na plataforma electoral Frente Popular foi máis eficaz que a xigantesca campaña da dereita xunta no Bloque Contrarrevolucionario naquelas transcendentais eleccións. No ámbito da esquerda a súa vitoria foi saudada en máis dun concello galego con ataques ás institucións relixiosas, xa non vistas como representantes dunha confesión relixiosa, senón como elementos políticos activos tras os cinco anos de República.

As datas inmediatamente posteriores á data electoral son tamén aquelas nas que se incrementan os ataques ós edificios relixiosos, reproducíndose de xeito incrementado o acontecido nos primeiros meses da República. Na provincia da Coruña teñen lugar o 19 de febreiro en catro centros —un da Coruña e en tres de Santiago—, o 20 de febreiro en catro centros da Coruña¹⁹, o 21 en tres —na Coruña, Ferrol e Betanzos—, o 24 en Betanzos, o 29 en Ferrol²⁰. A estratexia é a mesma no caso dos locais de organizacións políticas de dereitas e confesionais: o 20 de febreiro forzouse a entrada no local coruñés dos Luíses xunto o da Asociación General Patronal local e o da URD; na mesma data asaltaríase tamén o centro da Juventud de Acción Católica de Santiago; e en datas achegadas foron asaltados en Vigo os centros da xuventude católica das parroquias de Santiago o Maior e Comesaña²¹. Logo deste mes, aínda que os conflitos continuaron diminuíron notablemente cara ó verán.

A percepción da dereita é de derrota. Dun rotundo fracaso. Mais tamén eran conscientes de que independentemente do resultado dos comicios o cambio viña sendo anunciado. Tras gañar a FP, as medidas laicistas do primeiro bienio recuperáronse. Non obstante, nos primeiros días hai unha situación de *impasse* por parte do goberno republicano respecto á súa relación coa Igrexa. Semella como que se recoñeceran en parte os inconvenientes de levar adiante unha política dura en materia relixiosa: nos primeiros intres actuouse con suma cautela. Evidentemente, aqueles que se atopaban detrás dos incendios e queimas das igrexas destas datas non eran representantes da FP, como non o eran tampouco do Goberno Provisional os de maio de 1931. Nunha situación tan convulsa como aquela, a

18 Para observar a implicación directa do clero galego nas eleccións republicanas véxase Grandío Seoane, Emilio (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, Vigo, A Nosa Terra.

19 Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 481.

20 “Atentados contra Iglesias. Febrero-Abril 36”, AHN (S. GC), PS Madrid 52, atado 1508.

21 Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 485.

cautela no goberno era máis que necesaria, case indispensable para non botarlle máis leña ó lume.

O tema do ensino era un dos temas máis complicados nas relacións Igrexa-Estado. O 28 de febreiro reactivouse o proceso de preparación de 5.000 mestres que viñan a substituír as escolas dirixidas polos sectores da Igrexa. Os meses seguintes non foron precisamente os mellores na relación coa Igrexa: o 20 de maio o Goberno ordenou o peche das escolas da Igrexa²². As parroquias, casas reitorais, conventos ou seminarios pasaron en cada unha das comunidades locais a converterse en terreos perfectamente equipados para ser transformados en escolas públicas ou centros cívicos. Este é un proceso que se observa moi claramente nestes meses en Galicia, tradicionalmente deficitaria en materia de ensino, converténdose tamén nun dos elementos máis reiterados de acusación no proceso represivo posterior.

A percepción dentro da xerarquía eclesiástica galega do retroceso de poder social era evidente no ano 1936, mais os seus informes internos tampouco reflectían unha situación apocalíptica. Como exemplo, un par de manifestacións tras unha petición de Ángel Herrera Oria en abril dese ano de determinados informes ós bispados de todo o Estado para a realización dun artigo encargado por *L'Osservatore Romano*. O titular de Tui enviáballe esta contestación respecto do apartado de “Bailes y Cines”:

Son las dos plagas de la moralidad; y en Vigo y en sus alrededores y en pocas parroquias más, la prensa obscena y revolucionaria. El baile en todas o casi las parroquias, es mal inveterado. El cine, en Vigo y en las parroquias grandes, que son pocas, gracias a Dios [...].

Ou o de Mondoñedo, salientando o caso singular do núcleo máis importante da súa diocese:

En la ciudad de FERROL y aldeas cercanas, disminuyó considerablemente en los últimos cuatro años, el número de personas, sobre todo de hombres, que cumplen el precepto pascual, como también el porcentaje de bautizados; numerosas familias obreras dejaron de bautizar a sus hijos; y aumentaron los matrimonios civiles y los entierros de igual clase. En el resto de la Diócesis disminuyó el cumplimiento pascual; pero son muy raras las omisiones de bautismo y lo mismo las uniones civiles y los entierros no religiosos [...].²³

22 Castells, José Manuel (1973): *Op. cit.*, p. 457.

23 Tanto esta cita como a anterior proceden da “Encuesta Diocesana de abril de 1936”, Archivo Histórico de Acción Católica Española, Madrid. Documentación facilitada por Feliciano Montero, a quen lle agradecemos a súa dispoñibilidade.

Non obstante, os perfíles debuxados *a posteriori* dos meses da FP pola propaganda sublevada e os corenta anos de franquismo non son para nada correspondentes con aquela realidade, non unívoca, senón complexa. Era certo que a Igrexa católica non era o mellor dos aliados do goberno republicano, mais o Estado democrático funcionaba cos seus problemas²⁴. Senón non se poden entender decisións xudiciais como a fracasada tentativa de municipalizar o edificio do Seminario de Tui en abril —coa intención de instalar un Instituto, unha Escola de Artes e Oficios e centros culturais—, e que foi anulada por unha resolución do Tribunal Contencioso-Administrativo de Pontevedra nos primeiros días de xullo²⁵.

Xa non unicamente as organizacións políticas, tamén os centros de Acción Católica foron considerados como elementos políticos da dereita en acción. De feito, nestes meses, na maioría dos medios de comunicación da dereita, ten lugar unha dobre actitude moi significativa. Por unha banda, desaparecen as referencias ás antigas organizacións políticas de dereita, semella que desaparecen. Mentres, as súas posicións privilexiadas nas cabeceiras dos xornais conservadores foran ocupadas directamente polos membros de Acción Católica, especialmente das súas xuventudes, que no caso concreto de Galicia tiñan unha actividade moi intensa e unha posición preeminente no contexto do Estado.

Precisamente por iso as disposicións gobernativas tentando afastar os representantes da Igrexa Católica da política foi moi intensa. Como proba a resposta do arcebispado de Santiago a un oficio do Goberno Civil da Coruña do 28 de abril cara ó arcipreste de Faro respecto de que se chamara á orde a certos párrocos na súa actividade política. A resposta do arcebispado ten lugar nos seguintes termos:

Hoy mismo se reiteran las órdenes consiguientes a los Párrocos que menciona (y a los demás sacerdotes del Arzobispado) para que, dejando toda clase de actividad política, se consagren de lleno a las obligaciones propias de su ministerio sacerdotal.

24 “El gobierno del Frente Popular podía sentirse optimista; la coyuntura económica era más favorable, la experiencia política de la izquierda era mayor, la postura del Vaticano más ecuánime, la preocupación del Gobierno por proteger a los eclesiásticos, cuyo presupuesto desaparecía totalmente, y por mantener la enseñanza de grupos eclesiásticos era positiva. ¿Cómo todo eso no sirvió de nada? Los compromisos de subversión y de sublevación venían de atrás y no escuchaban razones”, Carballo, Francisco e Magariños, Alfonso (1978): *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del periodo 1931-1936. II República*, Barcelona, Akal, p. 559.

25 A xustificación do Tribunal fora a seguinte:
“La propia Corporación Municipal que adoptó el acuerdo, reconoció al exponer en él que para ejecutarlo era necesario apurar, dentro de la legalidad, los medios extrajudiciales, a fin de evitar un proceso judicial largo y costoso, reconoce de modo expreso su incompetencia, siquiera, se separa de este criterio, y con extralimitación de atribuciones y abuso de poder intentó llevar a cabo dicho acuerdo”, citado en Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 482.

Hemos de manifestar también a V.E. nuestro agradecimiento sincero por su conducta en el caso presente, rogándole que si en adelante se repitieran otros análogos o semejantes, se digne dirigirse también a Nós, que, deseosos siempre de complacerle, procuraremos tomar las medidas oportunas en cada caso [...].²⁶

De feito este é un proceso que vai *in crescendo* e que se precipita no momento en que a Igrexa ten que tomar partido por un dos dous bandos en loita. Mais recomendacións e disposicións dos Gobernadores Cívís galegos como a anterior viñan sendo tomadas cando menos dende as eleccións de novembro de 1933.

Polo que denota o ton das contestacións oficiais das autoridades eclesiásticas respecto das civís non semella que existise unha gran conflitividade. O discurso é correcto e respectuoso polas dúas partes. Ninguén nega que existiran problemas na súa relación interna. Non obstante, esta percepción é moi distinta da loita contra a Igrexa difundida despois do mes de agosto de 1936 que semellaba ter lugar en Galicia. De feito, informes realizados polas mesmas autoridades eclesiásticas debuxaban un panorama das parroquias antes de xullo de 1936 moi distinto do que se difundiu nos meses seguintes. Ante a petición o 29 de xuño polo nuncio ó arcebispado de Santiago de Compostela de se existían “en esa diócesis parroquias desprovistas de asistencia relixiosa”, contéstaselle poucos días máis tarde, o 4 de xullo, a poucas datas do golpe. E a resposta sinala 14 parroquias do total do arciprestado, o de maior extensión de Galicia. Dende logo a desproporción numérica respecto do que acontecía naquel momento polos mesmos informes internos da Igrexa e a imaxe que se difundiu despois é moi notable. Tamén hai que dicir que segundo as súas propias anotacións á Nunciatura, o problema non era a falta de persoal, senón “la oposición de las autoridades locales y en la falta de apoyo en las autoridades superiores”²⁷.

A conflitividade local por motivos relixiosos era especialmente intensa. Debido ó clima conflitivo e á sensación de vitoria, as ameazas contra os párrocos, observados como axentes políticos directos da reacción, intensificáronse nestas datas, coa sospeita de realizar xuntanzas clandestinas con grupos proclives ó golpe militar²⁸, ou mesmo por realizar traballos políticos considerados alleos ó seu

26 ARG, FGC, Correspondencia Gobierno Civil-Concellos, mazo 2777.

27 As parroquias mencionadas son as seguintes: Andabao, Arteixo, Brives, Brexo, Cambre, Calvos de Sobrecamiño, Crendes, Meirás, Montaos, Orro, Orto, Rodeiro, Vixoi, Vilaboa (Rutis), Vilamaior e Oias. Na gran maioría o problema é a expulsión do cura e mesmo nalgúns casos, como o de Vilaboa, dise o seguinte: “No quieren admitir ningún Cura, ni para Sacramentos siquiera”, Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela, Fondo Muñiz.

28 Ás once da mañá do 20 de xullo de 1936, xa coas novas do golpe, o párroco de Ponte do Porto —segundo a súa declaración— recibiu un volante do Comité da Sociedade de Oficios Varios local para que abandonara a casa reitoral “porque según decía el volante se celebraba en ella reuniones fascistas”, Archivo Tribunal Militar Territorial IV, Causa 580/36, p. 16.

cometido pastoral, como a carta recibida en maio polo párroco de Vións (Ponte-deume):

Concéntrese usted simplemente en su misión de hacer misa para los ignorantes vecinos que acudan y a quienes usted todavía logra reunir para continuar su explotación infamante que le permite seguir viviendo sin trabajar, mientras este régimen capitalista no cae, cosa que no tardará mucho. Pero déjese de hacer otra cosa que no sea el seguir leyendo esos misales y demás puñeterías que usted mismo no entiende. Le queda terminantemente prohibido hacer labor política de ninguna especie ni cuentos como el de rifar corderos con no sabemos que fines, ni malear a los chicos bajo el pretexto del Catecismo ó del mes de las flores [...]

En caso contrario, al igual que se ha procedido contra otros de esta provincia, habríamos de proceder contra usted haciendo justicia por mediación de nuestras bandas de acción. Así que mucho cuidado o seguirá el camino de sus compañeros de otras comarcas. No toleramos que pretenda seguir dominando a sus vecinos. Límitese a decir misa y nada más. Si alguna nueva denuncia recibimos contra usted y es justificada, procederemos sin más aviso a imponer la justicia del pueblo.

Nada mas. Salud y Revolución.²⁹

O contexto non era precisamente o mellor para as institucións eclesiásticas no entorno do rural. Un aínda novo cardeal Tarancón atopábase durante o mes de xullo para dar uns cursiños e exercicios en Santiago e Tui. A súa impresión daqueles días previos ó golpe quedou reflectida nestas liñas, diferenciando ben ás claras o ámbito urbano e o rural na tensión política do verán do 36:

El cursillo se desarrolló normalmente y con una asistencia casi excesiva, aunque, alrededor del Colegio de las Huérfanas, donde se desarrollaba, había una vigilancia extraordinaria. El ambiente de la calle era idéntico al de Madrid: de inseguridad y de miedo. Todos daban por descontado que muy pronto iba a ocurrir algo muy serio.

Las dificultades se presentaron cuando, terminado el cursillo, empezamos a recorrer algunas parroquias en plan de propaganda. Nos prohibieron —los alcaldes decían siempre que por orden superior— las reuniones que íbamos a tener con grupos de seglares y hasta me prohibieron a mí, sacerdote, que pronunciase las conferencias en los templos, tal como estaban programadas.

Aquella conducta de las autoridades civiles nos alarmó. Creímos nosotros [...] que el estallido era inminente [...].³⁰

Era evidente que tanto a xerarquía eclesiástica galega como boa parte dos seus párrocos naquel verán do 36 se atopaban fronte á imaxe dunha Frente Popular que consolidara o seu simbolismo sindical e revolucionario nas manifestacións

29 A carta da ameaza atópase na Causa Militar, mais non podemos tampouco aseverar de xeito rotundo a súa autenticidade xa que se atopa realizada á máquina, datada en “La Coruña, 21 de mayo de 1936”, e asinada por “EL COMITÉ REVOLUCIONARIO” (ATMT IV, Causa 885/36, p. 31-31b).

30 Enrique y Tarancón, Vicente (1984): *Recuerdos de juventud*, Barcelona, Grijalbo, pp. 188-189.

daquel primeiro de maio, data a partir da cal semella en moitos fogares conservadores un punto de non retorno. Cunha política governamental que apoia a gran parte das accións de desaloxo dos párrocos, que impulsa —restrinxindo os cartos dedicados á dotación do clero— unha nova estrutura educativa laica impulsada dende o Estado, coa sospeita permanente dun movemento insurreccional dende o mes de febreiro... o certo é que non hai probas suficientes —mais que en contados casos particulares— de que dende a rede eclesiástica se fixera a preparación da sublevación, mais o que si se fixo foi, como xa vimos nos anos anteriores, realizar un traballo de elevación da crispación ideolóxica que caldeara unha sublevación conservadora, perceptible en maior medida nos primeiros anos da República, e non tanto nos derradeiros.

4. As reaccións ante o golpe

As novas recibidas dende o 17 de xullo dun pronunciamento militar de dereitas serviron de chispa que acendeu o anticlericalismo violento nas masas de esquerda. Aínda que o pistoletazo de saída ó golpe en Galicia só tivo lugar a partir da saída das tropas dos cuarteis herculinos no mediodía do luns 20 de xullo, xa na fin de semana anterior teñen lugar por toda a xeografía galega preparacións dos Comités da Frente Popular tanto na recollida de armas nas casas reitorais como avisos de desaloxo dos seus domicilios. O 19 de xullo en Betanzos, dous cregos foron detidos polo alcalde Datorre e retidos nas dependencias locais ante o acoso a que foron sometidos polos sectores sindicais que lle viñeron pedir armas, cun tiroteo posterior³¹; nesa mesma data colocárase preto do Seminario de Lugo unha bomba que estouparía sen consecuencias graves³².

Tras ese fin de semana tenso, co coñecemento da saída das tropas dos cuarteis galegos a situación exacerbaríase por boa parte da xeografía galega. Por citar só algúns casos, os militantes sindicais de boa parte dese triángulo territorial imaxinario entre Ferrol, Betanzos e A Coruña tentaron deter como medida de control a boa parte dos párrocos. Aínda que a fonte de coñecemento máis importante para reconstruír estes feitos ten que ser filtrada debido á forzada reconstrución do pasado inserta nas Causas Militares³³, a realidade documental é que noticias

31 ATMT IV, Causa 1018/36.

32 Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 483.

33 Proba do desaxuste das fontes é a mera contrastación entre o xa citado número de 14 parroquias afectadas dadas no informe da diocese compostelá na primeira semana de xullo de 1936, e os Informes da provincia da Coruña elevados cara ó Ministerio de Gobernación entre febreiro e abril de 1936 —xa citados nas páxinas anteriores— co número de 48 —de 19 concellos— feito a partir da “Relación de los incendios, destrozos y saqueos llevados a cabo en la provincia de Lugo, por la revolución marxista anterior al 18 de julio de 1936”. Nin territorio nin poboación son comparables. (AGA, Administración Provincial y Municipal, Serie Asuntos Generales, 2791/1).

de asaltos ou colocación de bombas ás casas dos párrocos, hainas en San Pedro de Nós³⁴, Cambre³⁵, Santa María de Vigo³⁶, Ouces e Lubre³⁷, Vilanova (Miño)³⁸, Pravió³⁹, O Burgo⁴⁰, Bañobre (Miño)⁴¹, etc. En ocasións estes feitos eran só actitudes de obstrución á actividade parroquial como o roubo das chaves da igrexa de San Pantaleón das Viñas (Miño) o 19 de xullo, o que impediu que se puidese celebrar a festa do patrón⁴². Noutras zonas a procura de armas nas reitorais foi levada adiante dun xeito moito menos violento. A testemuña do crego Chao Espiña sobre estas datas en Ortigueira é a seguinte:

En un principio se creyó que todo el alzamiento estaba fracasado. Los llamados en aquellos días “rojos” vinieron a la rectoral, para registrarla y requisar armas. El señor cura (Díaz Corral) y yo les recibimos muy serenamente, y ellos se mostraron respetuosos, dando pruebas del gran afecto que nos tenían y ofreciéndose a servirnos incondicionalmente.

Eran unos sencillos ignorantes, que ni ellos mismos sabían de que se trataba, ni a que venía todo aquello. Para contentarlos, les dimos un inservible revólver [...]. Todos tomaron unas copas y se marcharon satisfechos, como si ya no tuviesen nada que temer a nadie [...].⁴³

Por toda a xeografía estatal a saída dos militares ás rúas foi saudada como o punto necesario para levar adiante un proceso revolucionario, no que un dos principais inimigos era a Igrexa. A violencia anticlerical realizada nas zonas que quedaron baixo control republicano nos primeiros días foi enorme, froito dunha ausencia de control operativo sobre as milicias sen unha intervención directa e expresa do goberno da República. O traspaso do poder a través das armas dotadas ós sindicatos propiciou unhas primeiras xornadas de fonda incapacidade gobernamental por controlar a situación, circunstancia que foi decisiva na viraxe do

34 ATMT IV, Causa 203/37, p. 57b.

35 ATMT IV, Causa 306/37, p. 55.

36 ATMT IV, Causa 78/38, p. 114.

37 Segundo as declaración inseridas na Causa o 21 de xullo intentouse matar os dous curas de Ouces e Lubre; ATMT IV, Causa 854/36, p. 8 e 10.

38 Fernández Santander, Carlos (2000): *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, Sada, Edicións do Castro, vol. I, p. 136.

39 Ó domicilio do párroco foi un grupo armado o 22 de xullo. Non atoparon o cura, supoñemos que fuxido, mais antes os seus familiares tiráronlle pola ventá “una pistola marca STAR, calibre 6,35 m/m que poseía el párroco” (ATMT IV, Causa 1168/37, p. 26b).

40 O párroco do Burgo andou nun tiroteo nesas datas na Barcala contra un “grupo de revoltosos” (ATMT IV, Causa 306/37, p. 56b).

41 A capelania foi asaltada segundo declaración do seu titular “por una turba de más de cien personas” (ATMT IV, Causa 921/37, p. 60b).

42 Fernández Santander, Carlos (2000): *Op. cit.*, vol. I, p. 135.

43 Fernández Santander, Carlos (2000): *Op. cit.*, vol. I, p. 144.

apoio dalgunhas potencias occidentais respecto da consideración do golpe, nomeadamente Gran Bretaña. Segundo Rodríguez Lago, cinco sacerdotes perderían a vida en Galicia durante os anos da guerra civil⁴⁴.

No contexto violento daqueles días, manter a calma institucional dunha esquerda que demandaba armas ante un goberno legal cualificado de “inepto” e “inerme” ante as portas dunha sublevación en marcha, non debía ser doado. O 20 de xullo o alcalde tudense ocupou o Seminario converténdoo na súa sede, mais durante a semana que estivo controlando a comarca ata a chegada das tropas sublevadas non houbo nin un só altercado, segundo as mesmas fontes eclesiásticas no testemuño do seu vigairo xeral xa en 1938, feito extensible a toda a diocese:

El Señor libró a la diócesis de Tuy de todo desmán antirreligioso de importancia. Ni un sacerdote o religioso o religiosa o seminarista muerto o herido o en otra forma personalmente atropellado. Ningún templo, ni capilla, ni casa religiosa incendiado o destruido o perjudicado en su fábrica. Ni un sagrario, ni una imagen, ni un altar, ni un ornamento profanado [...] La verdad obliga a consignar que en la Catedral durante la semana roja no se interrumpió el culto y en la misma el párroco de Tuy pudo ejercer las funciones parroquiales. Así mismo al Rvmo. Prelado no se le causó la menor ofensa ni molestia ni en su persona ni en su morada [...].⁴⁵

5. Do fracaso do golpe á cruzada

Tras o fracaso do pronunciamento militar o golpe derivou nun conflito bélico de indeterminada duración. Aínda que poidamos pensar o contrario a teor da participación da Igrexa na loita política durante aqueles cinco anos contra a República, o certo é que nos Bandos de guerra dos golpistas non aparecen mencións á Igrexa, nin á defensa da relixión católica. De feito, redúndase na idea xa apuntada de que a Igrexa non participa directamente na conspiración, aínda que puidera estar de acordo como moitos outros sectores do conservadorismo: son sectores militares reaccionarios, con certo apoio civil, os que o levan a cabo.

Nos primeiros momentos a imaxe da dereita reaccionaria protagonista do golpe non observa con bos ollos a participación da Igrexa ó seu lado. A crítica non viña pola identidade católica ou laicista de España senón pola súa fonda implicación nun proxecto “posibilista” dentro da República como era a CEDA, escollendo a tentativa da política, como se manifestou claramente na ruptura interna establecida tras o fracasado golpe de Sanjurjo en 1932.

44 Cita os casos do ecónomo de San Vicente de Caamouco, Manuel Landeira Muíño, tras un asalto á súa casa; do capelán da parroquia de San Nicolás da Coruña, Bernardo Manuel Álvarez, dunha bala perdida nos días do golpe; outros dous casos na diocese de Ourense nos primeiros días da guerra civil; e a morte do párroco de Castro de Rei (Lugo), Francisco Ochoa García en febreiro de 1937 por unha partida do maquis; Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 481.

45 Citado por Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 483.

Non obstante, neste tránsito entre golpe e guerra aconteceron moitas cousas, e entre elas o ataque realizado ás institucións e persoas representantes da Igrexa. O episcopado agrupouse ante os feitos acontecidos na zona republicana⁴⁶. A difusión da mensaxe católica dende os primeiros días de agosto de 1936 foilles de moi rendible utilidade ós militares golpistas, necesitados dun discurso sólido máis alá do meramente conxuntural. De feito, a variedade dos grupos políticos e sociais que se atopaban detrás do golpe militar contra a República esvaeceuse. Todo recibiu a mesma cor tras a unidade dogmática do discurso católico. O que permitiu os tres anos de guerra foi, á marxe de consolidar a figura dun Francisco Franco, amalgamar sen fisuras a identificación entre “Trono” e “Altar”⁴⁷.

Precisamente o que máis valeu para unificar as dúas esferas, poder civil e relixioso nestes anos era precisamente o concepto de *Cruzada*, utilizado por primeira vez o 26 de agosto de 1936 polo arcebispo de Zaragoza, máis explicitado na súa acepción final cinco días despois polo arcebispo compostelán. A unidade sobre este discurso, fundamental para entender non só a vitoria dos sublevados, senón tamén a duración do franquismo, non foi asumido inicialmente con unanimidade pola totalidade de bispos, aínda que a imaxe externa era de total peche de filas tras os sublevados. De feito, nas comunidades locais o elemento máis simbólico da chegada do “Nuevo Estado” franquista non é a designación dos novos dirixentes municipais, nin a entrada das tropas nas vilas, senón que a percepción da nova estabilidade era un elemento altamente simbólico: a reposición do crucifixo nas escolas, dende os primeiros días de agosto de 1936, acompañado dunha procesión que agrupaba as autoridades civís, militares e relixiosas xunto á comunidade da parroquia.

Aquel “posibilismo”, esa “debilidade republicana” da xerarquía eclesiástica foi rapidamente perdoada polos militares golpistas na procura dun maior beneficio e de acordo co cariz de guerra de trincheiras que tomaba o conflito. Mais nunca deixaron de considerar de xeito negativo ese “posibilismo”, como proba a existencia do proceso represivo sobre certos sectores da dereita republicana. Mesmo a dereita católica quedou nunha situación de “semilimbo”, sen represión

46 O territorio galego, debido tanto á súa territorialidade afastada da fronte de guerra como á implicación da xerarquía eclesiástica das súas dioceses no apoio ós sublevados, foi dende o principio do conflito lugar de acomodo de moitos sacerdotes refuxiados, fuxidos ou trasladados dende zona republicana, de cataláns cara a diocese de Santiago e de seminaristas ovetenses no Seminario de Lugo.

47 Como exemplo citar o informe do párroco de Santa María de Caranza (Ferrol) dun seu fregués, cualificado como “muy adicto”:

“Como consecuencia de las muchas conversaciones con él sostenidas en muy distintas épocas, puedo afirmar que dicho Sr. es modelo de Patriotas, y como tal, cumplidor fiel de los deberes religiosos y excelente padre de familia; virtudes éstas adquiridas, sin duda, en el seno de la excelente y religiosa familia a que pertenece, ya de antiguo conocida en esta Parroquia por su religiosidad e ideas tan opuestas a las de aquellos turbulentos tiempos de la fenecida República”, ATMT IV, Causa 624/38, p. 22.

directa mais tampouco sen participar na dirección do “Nuevo Estado”. Aquela unidade entre Igrexa e o partido máis representativo do conservadorismo español rompía ante a necesidade dos golpistas de levar adiante e a bo porto o seu fracasado proxecto inicial⁴⁸.

As relacións entre os sectores falanxistas e a Igrexa tampouco nunca foron extremadamente cordiais, xa que defendían obxectivos e intereses en ocasións contrapostos. Baixo a égida dos militares sublevados, os falanxistas representaban a novidade, a imaxe impactante e moderna do conservadorismo, o fascismo, mentres que a Igrexa representaba a continuidade, a base de tradición necesaria con que os dirixentes militares precisaban levar adiante do xeito máis eficaz posible o conflito bélico. Se ben é certo que tamén había algúns párrocos equipados con correaxe e con inequívocas referencias falanxistas, o certo é que, á marxe da consecución da vitoria, as xerarquías da Falanxe e da estrutura confesional nunca foron uña e carne. Especialmente tensas fixéronse as relacións entre falanxistas e Igrexa na cidade arcebispal compostelá, mesmo con conflitos permanentes constatados cando menos ata o final da Segunda Guerra Mundial.

6. A participación da igrexa galega na represión: sombras e luces

Unha das primeiras necesidades que se lles veu enriba ós novos dirixentes golpistas era evidentemente manter a retagarda da fronte de guerra ben asegurada. O interese militar de gañar a guerra era prioritario neste intre: todo converxía cara á vitoria. A vaga de violencia que se desatou por Galicia foi acompañada dunha vontade sistemática e perfectamente planificada de, aproveitando a situación de conflito bélico, preparar o máis convenientemente posible a paz.

Mais, como conciliar iso dende a perspectiva da Igrexa? En primeiro lugar como un elemento inherente a todo conflito bélico: nunha guerra non se pode evitar que corra o sangue. En segundo lugar, como unha necesidade da mesma Igrexa ante a *maldade* do inimigo fronte a ela: nunha guerra non hai termo medio, desaparecen os matices. En terceiro lugar, a represión debía ser o máis eficaz posible, completa e total, precisamente para preparar o futuro⁴⁹.

48 De feito esta diferenza percíbese moi claramente nos informes dos anos da guerra sobre a posible composición das Comisións Xestoras municipais. Nun Informe de 1938 para constitución dos concelleiros de Laxe (A Coruña) indicábanse como Subdelegados dunha determinada parroquia —Soesto— dúas persoas das que se marcaban ben as diferenzas entre a afinidade que para o novo réxime podía ter un párroco ou un ex-alto dirixente da CEDA de gran predicamento na zona. Dun deles dicíase que era “íntimo del Cura de aquella parroquia y es buena persona”, do outro que tamén era unha “excelente persona aunque es muy amigo de Blanco Rajoy” deputado e dirixente da CEDA (ARG, FGC, Concello de Laxe, mazo 4516).

49 Aínda que as vítimas foran tamén eclesiásticos como acontece cos 16 sacerdotes vascos fusilados polas tropas nacionais. A lexitimidade do seu fusilamento é idéntica a de todos os demais, aínda recoñecendo —dito polo Bispo de Vitoria, único na súa defensa— a falta total de garantías xudiciais; Tello, José Ángel (1984): *Ideología y política. La Iglesia Católica Española (1936-1959)*, Zaragoza, Libros Pórtico, p. 88.

Os párrocos galegos neste momento retomaban incrementado o poder perdido cinco anos antes. A aplicación da represión por parte dos párrocos dependería en primeiro lugar das ordes emanadas dende as dioceses, aínda que a dura disposición xeral para a expedición de *Certificados de Buena Conducta* partiu do *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago* do 14 de setembro de 1936:

Absténgase, pues, los párrocos de dar certificados de buena conducta religiosa a los afiliados a sociedades marxistas por el tiempo que estuvieron afiliados o en concomitancia con tales sociedades que son anticristianas; y aun de los demás, tampoco expidan certificados, si éstos han de surtir efectos ante las autoridades civiles o militares, esperando ellos, los párrocos, que las mismas autoridades civiles o militares se los pidan de palabra o por escrito; y entonces certificarán en conciencia, sin miramiento alguno, sin tender a consideraciones humanas de ninguna clase [...].⁵⁰

As actitudes dos bispos galegos variaron, aínda que maioritariamente se apuntaron ó férreo compromiso cos labores represivos, de acordo á mentalidade reaccionaria imperante en boa parte da súa xerarquía e as súas directrices. Moi duras foron as actitudes dos titulares das dioceses de Santiago, Ourense e Lugo, mentres que os de Mondoñedo e Tui tentaron suavizar dialecticamente a dramática situación dos seus territorios. Mentres que Antonio García García, bispo de Tui, insistía en novembro de 1936 na estendida aplicación da violencia,

No nos dejemos llevar en las presentes circunstancias de la pasión de la ira o de sentimientos de venganza particular que no se armonizan con nuestra condición de cristianos... No atraigamos sobre nosotros la indignación de Dios disponiendo de la vida humana cual si fuéramos dueños de ella, cuando sólo somos guardianes y usufructuarios [...] ¡Cuán lamentable es que hasta en periódicos serios que hacen alarde de su religiosidad, se deslicen errores tan graves y perniciosos...!

O ordinario de Ourense, Florencio Cerviño González, mantiña un claro apoio ás medidas de limpeza, mesmo en febreiro de 1939:

Al miembro inerte y sin movimiento hay que cortarlo. A los tibios, leemos en el Apocalipsis, arroja Jesucristo de su corazón, a la manera que el estómago sano arroja en repugnante vómito la comida que no digiere. Y es también revelación divina que la verdadera santidad, en cualquier grado que sea, no se consigue sin violencia. Violencia y sangre es lo que vemos en la Cruz de la que toda santidad procede [...] El árbol que no lleva fruto ¿para qué ha de ocupar la tierra?, procede cortarlo y arrojarse al fuego [...].⁵¹

E de certo que o clero parroquial lle fixo caso. A imaxe da árbore que non leva froito foi eficaz. Os certificados de conduta negativos na maioría das oca-

50 Citado por Ragner, Hilari (2001): *La polvora y el incienso. La Iglesia y la Guerra Civil española (1936-1939)*, Península, Barcelona, p. 212.

51 Esta cita e a anterior en Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, pp. 467-468.

sións só se centraban na súa actividade política afin á Frente Popular e os perigos “marxistas” que comportaban. En ocasións a xustificación da súa “culpabilidade” viña dende antes, mesmo sen ter en conta as súas influencias políticas. Deste xeito describía o párroco de Santa María de Herbón (Padrón) a un natural da súa parroquia, “de conducta no exemplar”:

Como hijo único de matrimonio, acaso demasiado mimado, resultó desobediente a sus padres hasta el punto que no lo dominaban. No les quiso seguir carrera alguna, que le daban a elección ni oficio alguno ni trabajar. Antes del Glorioso Movimiento sé que fue detenido por la Guardia Civil de Padrón o por una navaja barbera que le encontraron o por ideas marxistas; pues se dejó envenenar por un viejo que embaucaba a la juventud y está encarcelado [...].⁵²

Estas actitudes, aínda que foron valoradas polas autoridades militares e civís daqueles anos de violencia, o certo é que foron consideradas á contra nas súas comunidades. A implicación directa dos párrocos e da Igrexa no proceso represivo provocou un distanciamento da maioría dos seus fregueses, incapaces de entender por moita xustificación teolóxica que se lles puxera diante a enorme vaga de violencia xerada. Os mesmos párrocos eran moi conscientes disto, e algúns mesmo insistían nesta idea nos seus informes negativos de conduta:

Es cuanto en conciencia tengo que informar a V.P. rogándole que si no es de absoluta necesidad se me guarde la debida reserva con razón de mi cargo y ministerio que se haría ineficaz y odioso, por lo menos entre los familiares y amigos del encausado [...].⁵³

Nalgúns casos, os traslados convertéronse nun elemento preventivo ante as ameazas da comunidade e o mal clima social xerado por estas denuncias, mesmo coa finalidade evitar conflitos de orde pública⁵⁴.

O ámbito da represión era ilimitado. Se ben se investigou e denunciou incluso ós mesmos encargados da represión como Delegados de Orde Pública ou Falanxistas, mesmo houbo cregos galegos que non foron alleos a esta vixilancia. As súas denuncias viñan baseadas en argumentos semellantes. Dun cura de Muros expedíase a seguinte información dende a Comisaría de Policía da Coruña:

El día 30 de agosto del 36 fue desterrado de Muros a Monforte por sus ideas izquierdistas y propalar noticias contrarias al Movimiento Nacional asi como por sus censuras al Ejército. Su conducta privada es mala pues parece ser que sostenía relaciones

52 ATMT IV, Causa 1567/37, p. 17.

53 Dun párroco acabado de chegar a Santiago de Ameixenda (Corcubión); ATMT IV, Causa 806/38, p. 11b.

54 Como acontece na orde do arcebispo do traslado de residencia do párroco de San Martín de Noia do 11 de agosto de 1936 a unha distancia non menor de 150 quilómetros daquela vila; citado por Rodríguez Lago, José Ramón (2004): *Op. cit.*, p. 468.

íntimas con una señorita de Muros a cuenta de la cual vivía. Es muy aficionado a la bebida [...].⁵⁵

O certo é que a memoria das comunidades locais lembra nitidamente a diferenza entre o “cura bo” e o “cura malo”, entre a comunidade parroquial desfeita pola sangría que supuxo a represión indiscriminada e aquela outra que tivo a sorte de ter un párroco sensible a tanto berro e brutalidade que foi quen de manter no posible a continuidade daquela sociedade. Os xeitos de acadalo naquela situación, nada doada de manter debido ó compromiso da xerarquía co golpe e o contido ideolóxico da “limpeza”, foron variados: dende a imposibilidade do recoñecemento directo⁵⁶, breves declaracións de ignorancia⁵⁷ ou a defensa colectiva por múltiples procedementos dos membros da súa parroquia⁵⁸.

Mais tamén aparecen nestes procesos de defensa respecto de encausados e procesados amplos informes de apoio a determinadas persoas. Os párrocos que os asinaban coñecían que o que facían non era “politicamente” correcto naquel maniqueísmo de branco e negro, de extremos polarizados nun conflito bélico aínda non rematado. Polo tanto en boa parte apelaban á condición humana das persoas, mesmo para definilas case como “deficientes mentais”:

Yo nunca le he oído hablar de cuestiones sociales, ni de eso entiende nada, porque si un guiñapo es en lo físico, no lo es menos en lo intelectual, como los Sres. Jueces podrán observar ya en su presencia, como en sus declaraciones, si se las exigen. A [...] en la parroquia se le tiene más bien como un bobo que como persona normal [...]. Por lo demás [...] nunca apareció como propagandista marxista, ni aún podría aparecer como comentarista por falta de condiciones naturales, por lo que representa... en la parroquia nadie le haría caso [...].⁵⁹

A ignorancia e incultura das boas xentes fora aproveitada polos “políticos” do momento. O párroco de San Xoán de Cambada (Vimianzo) elaborou este informe persoal cara ó xulgado militar:

55 ATMT IV, Causa 853/38, p. 27.

56 Como o caso do director da Residencia dos Padres Capuchinos da Coruña quen, tras o asalto realizado por 18 persoas da Residencia na procura de armas, antes da saída das tropas dos cuarteis herculinos, no seu informe indicaba textualmente que “eran muchos los sujetos que iban a cometer el hecho, y no sabe si alguno de ellos lo reconocería teniéndolo presente”, ATMT IV, Causa 1257/36, p. 28.

57 O párroco de San Pedro de Tállara dicía o seguinte respecto dunha persoa procesada da súa parroquia: “Como feligrés nada tiene que deponer contra él, ignorando su ideología y dejando de cumplir el Sto. Precepto Pascual algunos años. He ahí todo lo que puedo decir de él”, ATMT IV, Causa 740/36, p. 107.

58 O cura párroco de Sueiro incluía esta suposición ante as denuncias de quen foran os que destruíron a igrexa naquelas datas de xullo:

“Que al Prego no lo vió; según referencias... el citado Prego y la cuadrilla que capitaneaba no sólo destruyó la iglesia sino que destruyó el altar profanando las Sagradas Formas, y causando los daños que deja dichos, en el atestado, por lo que supone no era gente de su parroquia”, ATMT IV, Causa 333/36, p. 21.

59 Informe do cura párroco de San Pedro de Vizoño (Cesuras); ATMT IV, Causa 1321/37, pp. 61-61b.

En cuanto a lo político, es un hombre bruto que nadie le hace caso, apenas sabe leer ni escribir, nunca tuvo un periódico, nunca anduvo a los votos para elecciones, pues era tiempo perdido, lo que si, él fue votar para el frente popular porque los caciques amenazaban de firmar y él por miedo de perder, se acostó con ellos, está en buena posición como labrador, pero es de esos paisanos brutos agarrados al dinero que no sueltan, y no comprenden que si viniera el comunismo era peor. Así que, en concepto de política aun cuando diga cuatro burradas no le hacen caso, porque ya lo conocen. Nunca ví también que fuese quimerista, ni de palo navaja o arma de fuego. Esto es lo que me consta a mi aquí como feligrés, pues de otras faltas otros darán razón pues yo no las presencié, ni fui llamado a juzgarlas [...].⁶⁰

Nun contexto social e de poder no que se consideraba que aqueles que tiveran ideas democráticas tiñan algún tipo de defecto xenético ou foran produto dunha mala educación, o certo é que ás veces se lle daba a volta a esta argumentación, precisamente na súa defensa. O acceso ós hospitais psiquiátricos considerábase unha saída a unha pena de morte ou longa estadia na cadea —coa total impunidad das autoridades de Orde Pública—, que ademais reafirmaba a teoría dos dirixentes de que o período democrático fora iso: unha perversión social, unha desviación que se precisaba necesario enderezar.

Hai tamén casos nos que a defensa se realizaba mesmo sobre dirixentes locais da FP, mesmo opoñéndose directamente á denuncia de Falange. O cura do Burgo dicía o seguinte dos alcaldes de Cambre e Culleredo:

Sé también que él, lo mismo que el que fue Alcalde de Culleredo, también de este pueblo, no gozaban de las simpatías de los extremistas, por cuanto en todo no se dejaban llevar de los impetus revolucionarios de tanto exaltado como pululaba por estas vías y de tanto degenerado como frecuentaba el centro revolucionario de este pueblo, que ciertamente lo fue de todos estos contornos, por lo cual tengo para mí que estos dos Srs. hubieran pagado muy caro el triunfo extremista, a favor de cuyo pensamiento tengo varios datos, de que hago gracia por la brevedad [...].⁶¹

Os desaxustes entre as consignas presentadas polos bispos e as actitudes individuais dos párrocos nas súas respectivas comunidades foron evidentes. Aínda que o poder do discurso era da xerarquía, era certo tamén que a responsabilidade última da elaboración daqueles informes recaía nas persoas que os asinaban. Era unha decisión individual, apoiada ou non dende a dirección espiritual. En ocasións moi puntuais, relevantes, algúns bispos mesmo chegaron a reconducir os informes dos seus párrocos. Este é o caso da Causa iniciada tras unha das caídas máis importantes acontecidas na cidade da Coruña, na que se detivo ó deputado madrileño Luis Rupilanchas Salcedo. Ante unha declaración positiva do cura

60 ATMT IV, Causa 1226/37, pp. 32-32b.

61 ATMT IV, Causa 306/37, p. 50b.

ecónomo de Elviña, este foi chamado polo arcebispo a Santiago, e tras a conversa mantida, o mesmo arcebispo enviou ó Tribunal militar a súa interpretación do que acontecera:

He podido comprobar con toda certeza (una vez oído este señor) que no supo expresarse éste en aquel momento con la precisión y claridad necesarias, y he llegado al convencimiento de que precisamente esta falta de expresión en él [...] fue el motivo y la causa de que ese Tribunal Militar interpretara sus declaraciones en el sentido en que aparecen [...] sentido e interpretación que, según el mismo interesado, distan mucho de lo que él quiso manifestar, ya que no podía en modo alguno calificar como elemento destacado de derechas a ese procesado, con quien apenas si tuvo relación alguna, y esta tan sólo por razón de su profesión de médico, cuyas actividades políticas ignoraba y hasta cuya conducta religiosa le era desconocida [...].
A pesar de todo esto y de tratarse de un sacerdote que está bien conceptualizado en esta Curia, le he llamado seriamente la atención, he afeado su conducta y le he recomendado que en lo sucesivo, en casos semejantes, preste sus declaraciones ajustadas en todo a lo que su conciencia le dicte, pero sobre todo en términos concretos y claros [...].⁶²

A Igrexa galega colaborou decididamente na destrución do sistema democrático republicano e logo apoiando o bando sublevado, dotándoo da cohesión ideolóxica necesaria para levar adiante con éxito tanto os tres anos de guerra como a construción e desenvolvemento do réxime franquista. A implicación do Altar co Trono é innegable. Non é un proceso como xa vimos que dea inicio en febreiro de 1936, nin tan sequera en abril de 1931, mais o golpe que supuxo na mentalidade tradicional da súa xerarquía a chegada dun réxime representativo e democrático supuxo un forte golpe ó que non se adaptaron senón que iniciaron un camiño diverxente que os levou finalmente a enfrontarse directamente.

A xerarquía católica postulouse de saída fronte á República. E para facerlle fronte creou por primeira vez un partido político confesional. A Igrexa creaba unha organización política modernizada e viva, de ampla actividade, poñendo en actividade as súas redes de sociabilidade de homes, mulleres e mozos. Todo era pouco para salvar a Igrexa do que eles consideraban o principio do fin, que non era máis que o recorte dos privilexios garantidos durante décadas na esfera civil. Nestes anos da República tivo lugar a transición cara á consecución de obxectivos claramente políticos dende a xerarquía eclesiástica. E non só no seu plano confesional, senón en todas as ordes da esfera pública, organizando, formando, apoiando e impulsando os seus líderes nese plano.

A reconstrución posterior do pasado feita dende o verán de 1936 para xustificarse o apoio directo da Igrexa dende principios de agosto tiña que presentar un

62 ATMT IV, Causa 291/37, pp. 396-396b.

mapa de Galicia onde se queimaban as casas reitorais e igrexas de xeito cotián. Non foi así. De feito a documentación achegada brevemente nestas pasadas liñas apoia esta afirmación. O clima político dos meses da FP aínda que non ausente de crispación política non foi a paisaxe perfilada pola reconstrución da súa memoria polo franquismo. O contexto era moito máis tranquilo do dito *a posteriori* polos vencedores, e tampouco se diferenciaba moito —con outros temas de conflito— do que podía acontecer en boa parte de Europa nestes difíciles e complicados anos trinta, dos que algúns historiadores mesmo chegan a incluír como centro dunha época que denominan en conxunto como “guerra civil europea”.

Mais tamén aquí hai que falar tamén da diferenza existente entre a liña oficial da Igrexa galega, representada polos seus bispos, e a actitude individual tomada polos seus representantes locais, nomeadamente os párrocos. Se ben maioritariamente a súa actitude foi de compromiso no proceso represivo, o certo é que tamén houbo titulares de parroquias que, con risco persoal, decidiron defender a súa comunidade por riba de conxunturas políticas, aínda de extrema violencia como foi o caso. A defensa consistiu, en moitas ocasións, en manifestar unicamente a realidade.

Naquela encrucillada dos anos trinta, cando houbo que tomar obrigatoriamente partido, a xerarquía católica galega, e con ela a dirección da súa Igrexa, tomou o camiño do poder. Un sendeiro doado en aparencia, que lle permitiu volver de xeito reforzado á súa situación de privilexio, mais que tamén lle custou moito tempo desfacerse desa identidade, dunha pegada que a marcaría durante décadas como a máis eficaz colaboradora do franquismo.